

Examinado o informe proposta do Servizo de Benestar, Igualdade e Xuventude, con data 16/06/2022 e que literamente di:

“INFORME-PROPOSTA

Dende a Concellería de Benestar Social convocáronse as becas de comedor escolar e de axudas á escolarización para o curso 2022-2023 coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades dos menores a cargo de familias con escaseza de recursos económicos.

As bases correspondentes foron aprobadas por resolución da Concelleira de Benestar Social e Patrimonio Histórico o pasado 3/05/2022.

Ditas bases publicáronse no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello o día 9/05/2022, abríndose un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases, rematando o prazo o día 24/05/2022

Unha vez revisada a documentación que acompaña ás solicitudes presentadas, propónse á concelleira delegada de Benestar Social, que acorde o seguinte:

- 1.- Aprobado as listaxes provisionais de solicitantes admitidos/as e excluídos/as para as becas de comedor escolar (Anexo I) e axudas á escolarización (Anexo II) para o curso 2022/2023, que se inclúen nas taboas que se xuntan (Anexos I e II).
- 2.- Publicar as mesmas no taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal.
- 3.- Abrir un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación das listaxes provisionais.”.

E tendo en conta a documentación que o acompaña

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos

Ferrol,

A concelleira delegada da Área de Benestar Social
e Patrimonio Histórico

Dou fe,
A secretaria xeral accidental